Instrucións adicionais para elaboración de certificados/diplomas

Os certificados/diplomas emitidos a través de plataformas de formación ou páxinas web do provedor e que o interesado descarga no equipo informático deberán levar unha sinatura dixital e un código de verificación segura que lle permita ao interesado, ou a terceiros, comprobar a veracidade do documento. Poderase inserir nas marxes do documento ou onde o provedor considere máis oportuno. Terá que ser claramente lexible utilizando unha tipografía similar ao resto do texto. Estes requisitos serán tamén de aplicación cando as sinaturas e selos son copiados masivamente en eventos con gran número de asistentes, por exemplo en congresos, mediante impresión gráfica e entregado, ben directamente ou por correo postal, aos interesados.

Nos demais casos, as sinaturas e selos serán orixinais.

O logotipo da Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias da comunidade correspondente ten que figurar na zona inferior dereita do documento. Debe ser de maior tamaño que o dos patrocinadores e menor que o do provedor e ten que ir en cor verde, se o documento é en cor, ou en negro, se o documento é en branco e negro. Os logotipos son idénticos para todas as comunidades autónomas e diferéncianse no pé, no que debe figurar o nome da comunidade autónoma acreditadora.

Os créditos de formación continuada do Sistema Acreditador non son incompatibles cos recoñecementos de sociedades científicas, corporacións profesionais ou organismos internacionais.

No caso de que existan logotipos e/ou nomes dos patrocinadores que se desexe que aparezan no certificado, terán que ser de menor tamaño e situaranse na parte inferior esquerda do documento. Non poderán figurar como patrocinadores os logotipos ou nomes de produtos comerciais; por exemplo, o nome dun fármaco, e neste caso terá que figurar o do laboratorio que o fabrica.

Nos organismos públicos, cando por imperativo legal teña que respectarse a imaxe corporativa, o certificado adaptarase a ela na maquetación do documento, conservando o contido esixido.

Na liña seguinte ao título poderá figurar o texto: «Formación impartida na modalidade:...» (cubrirase coa modalidade que figura na notificación oficial de acreditación, en concreto cun destes termos:

- Presencial.
- A distancia.
- Mixta (presencial e a distancia)).